



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2010 09
Nº Rexistro: 20113
Data envío: 25/01/2010 14:26:41.469

Á Mesa do Parlamento

Isabel Sánchez Montenegro, Ana Luisa Bouza Santiago e Henrique Viéitez Alonso, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Con data 8 de xullo de 2005 (corrección de erros do 18 de xullo), a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) do anteproxecto de enchido con auga do oco da mina das Pontes, no concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña), promovido pola empresa Endesa Generación, S.A, no que Augas de Galicia é o órgano substantivo por razón da materia.

O seu ámbito refírese ao conxunto das actuacións que, en relación co proceso de enchido con auga do oco da Mina das Pontes, están contempladas no estudo de impacto ambiental e nos documentos "*Anteproyecto. Mina de As Pontes. Canal de llenado del hueco final*", "*Anteproyecto. Mina de As Pontes. Obras hidráulicas de descarga al lago final y desagüe del lago*" e "*Proyecto descriptivo. Instalaciones de depuración de las aguas del lago antes de su descarga*".

A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que o proxecto é ambientalmente viábel sempre que se cumpran as condicións que se establecen na DIA, ademais do sinalado no estudo de impacto ambiental e na restante documentación avaliada.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2010 09
Nº Rexistro: 20113
Data envío: 25/01/2010 14:26:41.469

Segundo o estudo de impacto ambiental, unha vez enchido o oco, o lago funcionará en réxime de recirculación natural, cunha cota de desaugue natural (332), e ocupará unha superficie dunhas 800 ha, cun volume de auga de 541 hm³, sendo a profundidade máxima de 192 m e o seu perímetro duns 15 quilómetros, o que ben a representar un 10% de ocupación da superficie do concello de As Pontes -o máis extenso da provincia de A Coruña- de consideraren, tamén, a entulleira.

A partir dese momento, manéxanse distintas posibilidades de uso do lago, en función do nivel de calidade das augas acadado, agrupadas en tres categorías de aproveitamento propostas (recreativas, científico-educativas e ambientais), que deberán ser coherentes coas características ambientais deste unha vez finalizado o proceso de enchido, garantindo a conservación do ecosistema, da paisaxe e dos recursos e procesos ecolóxicos. Segundo a DIA, será nese momento, na fase de operación e mantemento, cando se establezcan os usos apropiados por parte dunha entidade xestora, consonte á denominada “Imaxe Obxectivo” que se determine.

A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera de especial importancia o adecuado desenvolvemento da estratexia de xestión a implantar como parte da denominada “*Imaxe Obxectivo*”, polo que o propio órgano ambiental, sen prexuízo das autorizacións, concesións, permisos e/ou informes que resulten necesarios para cada uso concreto por parte doutros organismos, poderá pronunciarse, previa solicitude por parte do órgano substantivo, sobre a idoneidade ambiental da “*Imaxe Obxectivo*” finalmente seleccionada.

Nunha recente visita á vila mineira -na que non se xuntou coa representación política local-, o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas afirmaba, en referencia á actuación que dará como resultado o maior lago artificial de Europa, que



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
pp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“é, sen dúbida, unha oportunidade de desenvolvemento do concello das Pontes, da súa comarca e da Comunidade autónoma”. Por parte do representante da empresa promotora manifestábase a urxencia de regular o uso público tendo presente a data de remate da responsabilidade privada fixada para o 2022.

A posíbel cesión da obra á Xunta estímase para o 2012.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar do BNG realiza as seguintes preguntas:

- 1ª.- Cal é a “Imaxe Obxectivo” seleccionada para o anteproxecto de enchido con auga do oco da mina das Pontes?; cales son os usos?.
- 2ª.- Quen é a entidade xestora?; cal é a súa titularidade?; cal é a súa forma xurídica?.
- 3ª.- Cal é o contributo das distintas Administracións (locais –municipal e provincial-, autonómica, estatal, europea)?.
- 4ª.- É coñecedora a Xunta doutras experiencias similares xa acometidas?. En caso afirmativo, cales son os usos actuais de ditos proxectos?; cales son os seus resultados en termos ambientais, sociais e económicos?; cales son as súas formas de xestión e a súa titularidade?; que Administracións están ou estiveron implicadas, e en que medida?.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2010.

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro


Ana Luisa Bouza Santiago

Henrique Viéitez Alonso

Deputadas e deputado do G.P. do BNG.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2010 09
Nº Rexistro: 20113
Data envío: 25/01/2010 14:26:41.469



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 25/01/2010 14:25:12

Ana Luísa Bouza Santiago na data 25/01/2010 14:25:16

Henrique Viéitez Alonso na data 25/01/2010 14:25:22